



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 31 DE OUTUBRO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día trinta e un de outubro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Maria Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Non asiste e presenta escusa dona Leonor Fernández Grande.

Faise constar que asiste á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2016 e sesión extraordinaria de data 26 de outubro de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 24 de outubro de 2016 e á sesión extraordinaria de data 26 de outubro de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou os citados borradores.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 15 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da Risga, e se aproba a convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 6, do 12 de xaneiro de 2015). Figura o Concello de Cambre, cun importe concedido de 42.674,80 euros. (Diario Oficial de Galicia número 202, do 24 de outubro de 2016).

- Resolución do 15 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de novembro de 2015 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración

coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015. (Diario Oficial de Galicia número 222, do 20 de novembro). Figura o Concello de Cambre, cun importe concedido de 15.324,79 euros. (Diario Oficial de Galicia número 202, do 24 de outubro de 2016).

- Orde do 5 de outubro de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio de 2016. (Diario Oficial de Galicia número 203, do 25 de outubro de 2016).

- Orde do 10 de outubro de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se modifica o prazo máximo de justificación das accións subvencionadas ao abeiro da Orde do 30 de xuño de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (Programa Aprod-economía social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao Programa operativo do Fondo Social Europeo e ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se convocan para o ano 2016 (Diario Oficial de Galicia número 141, do 27 de xullo). (Diario Oficial de Galicia número 203, do 25 de outubro de 2016).

- Resolución do 4 de outubro de 2016, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 204, do 26 de outubro de 2016).

3 Expedientes de contratación

3.1. Devolución da garantía definitiva, por importe de 910,00 euros, a entidade "Iluminaciones Santiaguesas, S.L.", depositada en metálico para garantir a subministración denominada "Aluguer de arcos luminosos para as festas do Nadal 2015-2016 do Concello de Cambre". Expediente: 2015/C005/000002

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de outubro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o escrito presentado por dona M^a Purificación Cajide Herves, con DNI 35.445.075-M en representación de "Iluminaciones Santiaguesas, S.L.", con CIF B- 15279359 e domicilio na rúa Costa Grande (Milladoiro) – 15 895 Ames – A Coruña, rexistrado de entrada ao número 0/764, con data 28 de enero de 2016, no que solicita se lle devolva a garantía definitiva constituída en metálico por importe de 910,00 euros, depositado na Tesourería municipal o día 06/11/2015 para garantir a execución da subministración denominada "Aluguer de arcos luminosos para as festas do Nadal 2015-2016 do Concello de Cambre" (Exp. nº 2015/C005/000002).

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a data da recepción da subministración, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxeción ou reparo, esto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal coa data do 8 de abril de 2016.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 26 de outubro de 2016.

A teor do establecido nos arts. 95, 100.d), 102, 222.3 e 298.4 do (TRLCS) Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos e Xuventude, de data 27 de outubro de 2016.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, “Iluminaciones Santiaguesas, S.L.”, no expediente número 2015/C005/000002

Segundo: Notificar o presente acordo ao interesado e máis aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 20 ao 26 de outubro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais número 1661/2016 e remata coa resolución da alcaldía número 1702/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1661/2016	20/10/2016	Denegar a axuda de alimentación segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: FALO
1662/2016	20/10/2016	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1 e 2 por non cumprir os compromisos establecidos no proxecto de intervención social. Solicitante: ACBM
1663/2016	20/10/2016	Denegar a axuda de alimentación por estar esgotado o período máximo de concesión e sen ter pasado o período mínimo de 6 meses para ser de novo beneficiario, de acordo ao artigo 6 da ordenanza reguladora. Solicitante: OGF

1664/2016	20/10/2016	D12-aprobación da conta xustificativa da achega para equipamentos térmicos de biomasa 2016
1665/2016	20/10/2016	Licenza reagrupación fincas en lugar Meixigo. Solicitante: MSL
1666/2016	20/10/2016	Concesión autorización apertura da urna sinalada coa letra "A", no panteón central nº 65, no cemiterio municipal de Cambre para inhumar o cadáver de dona MCMG. Solicitante: JRVL
1667/2016	20/10/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: dim (p3765)
1668/2016	20/10/2016	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos. Solicitante: LMR
1669/2016	20/10/2016	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, pit bull 941000019509687. Solicitante: JFC
1670/2016	20/10/2016	Expediente sancionador 2016/I001/000038 por infracción á ordenanza municipal de posesión de animais domésticos a LFL
1671/2016	20/10/2016	Conceder a licenza para agrupación fincas en lugar Meixigo. Solicitante: MSL
1672/2016	20/10/2016	Conceder a licenza para agrupación fincas en lugar Meixigo. Solicitante: MSL
1673/2016	20/10/2016	Conceder a licenza para agrupación fincas en lugar Meixigo. Solicitante: MSL
1674/2016	20/10/2016	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 24 de outubro de 2016
1675/2016	21/10/2016	Expediente de disciplina urbanística por construción de nave industrial e obras de urbanización na Xira, Sigrás a BLG, en representación de BP, S.L.
1676/2016	21/10/2016	Expediente de disciplina urbanística por construción de muro en finca situada en Peirao, Bribes a MCE
1677/2016	21/10/2016	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 26 de outubro de 2016
1678/2016	21/10/2016	Ruta 123 a Pontesampaio. Programa de rutas de sendeirismo Vente de Marcha 2016. XVI edición. Galicia Histórica
1679/2016	24/10/2016	Renuncia a axuda de alimentación Solicitante: FA
1680/2016	24/10/2016	Concesión axuda bonotaxi. Solicitante: JAPF
1681/2016	24/10/2016	Liquidación prezos públicos XXV Xornadas Micolóxicas de Cambre 2016
1682/2016	24/10/2016	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas (GN SUR SDG SA e máis), por importe total de 45.336,03 euros
1683/2016	24/10/2016	Convenio urbanístico entre o concello e EVS, A e JCCV propietarios de parcelas na Rocha, Anceis
1684/2016	24/10/2016	Pagamento da nómina do mes de outubro de 2016 por un importe bruto de 341.153,83 euros
1685/2016	24/10/2016	Expediente de declaración de ruína 2015/I002/000117 de edificación situada en Estrada Cambre-Temple, Cambre a PTC en nome de ICF
1686/2016	24/10/2016	Estimar a devolución de ingresos indebidos e recoñecer o

		dereito a obter a devolución correspondente á taxa pola expedición de documentos por importe de 90,00 euros por non existir feito impositivo. Solicitante: SRA
1687/2016	25/10/2016	Aprobar as bases e convocatoria para a selección dun funcionario interino para os servizos económicos do Concello de Cambre
1688/2016	25/10/2016	Aprobación de altas e baixas das escolas de actividades física e saúde do mes de outubro
1689/2016	25/10/2016	Conceder a licenza (renovación) para a posesión de animais potencialmente perigosos. Solicitante: MSP
1690/2016	25/10/2016	Inscripción no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos dun can american staffordshire 941000019017219. Solicitante: FGL de O
1691/2016	25/10/2016	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, dogo de burdeos 900164001231476. Solicitante: SLB
1692/2016	25/10/2016	Conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante ocasional de castañas. Solicitante: GAG
1693/2016	25/10/2016	Aprobación achega convenio APEM exercicio 2015 e recoñecer e liquidar obrigas a prol de APEM por importe de 3.000,00 euros
1694/2016	25/10/2016	Recurso contencioso-administrativo, procedemento abreviado número 0000211/2016. Representación e defensa. Expediente: 28/2014 Resp. Patrim. Demandante: RSG S.A.
1695/2016	25/10/2016	Avocación de competencias da sétima tenente de alcalde dona Josefa Vázquez Soto, dende o día 18 ao 22 de novembro
1696/2016	25/10/2016	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas (A E SA e máis), por importe total de 31.044,53 euros
1697/2016	25/10/2016	Avocación de competencias do segundo tenente de alcalde don Juan González Leirós, dende o día 27 de outubro ao 6 de novembro
1698/2016	25/10/2016	Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de outubro de 2016
1699/2016	26/10/2016	Aprobación da actividade e dos gastos do II Magosto Solidario 2016 por importe de 1332,00 €
1700/2016	26/10/2016	Aprobar a documentación xustificativa presentada polo Club Ciclista Cambre para a percepción da primeira achega do convenio asinado, e recoñecer e liquidar obrigas por importe de 27.000,00 euros
1701/2016	26/10/2016	Aprobación liquidación mes outubro escolas de actividade física e saúde por un importe total de 3253,52 euros
1702/2016	26/10/2016	Avocación de competencias do segundo tenente de alcalde don Juan González Leirós, dende o día 9 ao 18 de novembro de 2016



5º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Asinou o convenio coa familia Cañás sobre o terreo en Anceis.

Dende a concellería de Movemento Asociativo:

- Mantivo unha reunión co presidente da pista de San Lorenzo para comentar sobre unhas solicitudes que foron atendidas e remitidas ao departamento correspondente.
- Unha veciña da Barcala veu a dar unhas queixas sobre a presenza de avespas asiáticas, na arboreda situada fronte a Eroski e os Chinos; inmediatamente chamou por teléfono a Protección Civil, comunicándolle que xa estaban niso.
- Mantivo unha xuntanza cos representantes das ANPAS pra informarles que o último día para o prazo de entrega dos impresos por rexistro, era para o mes de decembro.
- Mantivo unha xuntanza coa presidenta da Asociación de veciños de Andeiro, por unhas peticións para o local que xa foron solucionadas.
- Desprazouse a 3º Idade de Cambre para a colocación do aire acondicionado.
- Mantivo unha xuntanza no despacho da concelleira de Promoción Económica, dona Leonor, cos organizadores da Expo Coruña, Sra. Deva e o Sr.Rafael.
- Mantivo unha reunión coa presidenta da Asociación "Sinergia de Lecer" do Temple, quedaron para unha nova reunión o 22 de novembro, no local da asociación .

Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio

Don Juan A. González Leirós dá conta do seguinte asunto:

Martes, día 25 de outubro, mantivo unha reunión coa empresa Eosa, contratada para redactar EDUSI. Tratouse a posta en marcha do proxecto de participación e redacción.

Informes da concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- Información APP; 1.152 descargas, 12.173 visitas.
- O sábado 5 de novembro terá lugar o XIV MAGOSTO XUVENIL debaixo da ponte da autopista no Temple. As actividades darán comezo ás 16.00 horas.



Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación

Dona María Jesús Gómez González dá conta dos seguintes asuntos:

- Mércores 26, entrega de diplomas no Wenceslao Fernández Flórez aos participantes no curso de monitor de comedor.
- Venres 28, magosto solidario no Parque Ramón Barba do Temple.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares e Deportes

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Venres, día 28 de outubro: Actuación, dentro da Rede Cultural da Deputación, da coral polifónica El Eco música relixiosa e sacra.
- Sábado, día 29 de outubro: Representación no centro sociocultural do Graxal da obra "Lope" por conta da compañía Baobab Teatro.
- Do día 24 ao 29 de outubro: actuación do Moucho Leroucho nas escolas: CEIP Portofaro, CEIP Emilio González López.

Na vindeira semana:

- Día 5 de novembro, terá lugar no local sociocultural do Graxal, títeres tropicallo "Osíño" e tamén o XIV magosto xuvenil.
- Moucho Leroucho nas bibliotecas:
- Biblioteca central de Cambre, mércores, día 2 de novembro, ás 17.30 horas.
- Biblioteca Os Templarios, xoves, 3 de novembro, dúas sesións, ás 17.30 horas e ás 18,30 horas.
- Biblioteca Xabier P. Docampo, venres, día 4 de novembro, ás 17.30 horas.

As invitacións están disponibles dende o día 24 de outubro en cada unha das bibliotecas.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación cos expedientes de:

- Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, do servizo de redacción dun proxecto de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cambre no ámbito da N-VI. Expediente: 2016/C004/000005
- Adxudicación da obra denominada "Acondicionamento de finca municipal para aparcadoiro fronte ao CEIP Gonzalo Torrente Ballester" á empresa "Construcciones López Cao, S.L.", polo importe ofertado de 9.438,00 euros, IVE incluído. Expte: 2016/C002/000026



Sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, do servizo de redacción dun proxecto de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cambre no ámbito da N-VI. Expediente: 2016/C004/000005

Vista a proposta de Alcaldía de data 28 de outubro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data de 9 de marzo de 2016 aprobase por resolución de alcaldía nº373/2016 o texto inicial do convenio urbanístico do ámbito de solo rústico lindante coa N-IV. Segundo a estipulación sexta do citado convenio “ *El Ayuntamiento de Cambre contratará los trabajos para la redacción de la Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre referida en el plazo máximo de tres meses desde la firma del presente documento una vez que el texto definitivo del mismo sea ratificado por el órgano municipal competente, de conformidad con la legislación en vigor.*”

Con datas de 22 e 23 de marzo de 2016, anunciase a exposición o público no DOGA nº 56 e no diario La Voz de Galicia respectivamente, ratificándose o texto definitivo polo Pleno do Concello de Cambre con data de 25 de maio de 2016 , e asinándose o convenio urbanístico o día 14 de xuño de 2016 .

Con data de 12 de xullo de 2016 dítase providencia polo concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio ambiente e Patrimonio, requirindo que se inicien os trámites oportunos para proceder á contratación, mediante procedemento negociado, do servizo consistente na redacción da Modificación Puntual das NNSS de Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI.

Con datas do 24 e 25 de outubro de 2016 , o xefe da Sección de Planeamento e Xestión emite informe de necesidade da contratación, baseada na carga de traballo da sección, que fai inviable que se poida acometer o traballo cos medios propios, achegando á proposta o correspondente prego de prescricións técnicas particulares.

Existe consignación orzamentaria na aplicación 151.22706, por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido pola Intervención Municipal con data do 14 de xullo de 2016.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e maillo interventor municipais de data 27 de outubro actual, favorable á aprobación do expediente de contratación.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medioambiente e Patrimonio, de data 27 de outubro de 2016.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar o servizo de redacción da modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre no ámbito de la N-VI, cun valor estimado de 26.000,00 euros e un importe total de execución por contrata de 31.460,00 euros IVE incluído, isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 174.e) e 177.2 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 100.000,00 euros, (exp. 2016 /C004/000005).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación 151.22706.

Terceiro: Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, e mailas características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 89.2 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, o prezo do contrato, considerando a súa natureza e prazo de execución, non poderá ser obxecto de revisión e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado e formular invitacións a participar no procedemento negociado ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, esto de conformidade co disposto polos artigos 169 e 178 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 60.000,00 euros :

- Monteoliva Arquitectura, S.L.P, con CIF B15148729
- Proyfe, S.L., con CIF B15077233
- Oficina de Planeamiento, S.A. con CIF A15030422"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Adxudicación da obra denominada "Acondicionamento de finca municipal para aparcadoiro fronte ao CEIP Gonzalo Torrente Ballester" á empresa "Construcciones López Cao, S.L.", polo importe ofertado de 9.438,00 euros, IVE incluído. Expte.: 2016/C002/000026

Vista a proposta de Alcaldía de data 28 de outubro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

"A concellería de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio ten intención de realizar a actuación de acondicionamento de finca municipal para aparcadoiro fronte ao CEIP Gonzalo

Torrente Ballester, ante as peticións da Asociación de Veciños de Sigrás, que puxo de manifesto a necesidade de habilitar unha zona destinada a aparcadoiro no lugar do Souto.

Con data 10 de outubro de 2016, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio ditou Providencia mediante a que solicitou á Sección de Servizos a realización dos trámites previos para iniciar a contratación da obra denominada "Acondicionamento de finca municipal para aparcadoiro fronte ao CEIP Gonzalo Torrente Ballester".

Con data 17 de outubro de 2016 a enxeñeira técnica de obras públicas municipal emitiu informe, no que describe e valora mediante o desglose do presuposto os traballos a realizar, e considera que para a valoración de ofertas é apropiada a aplicación dun único criterio de valoración, sendo este o factor prezo.

Con data do 21 de outubro de 2016 dítase Providencia polo concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, na que, por se tratar dunha obra de oportunidade, e co fin de non dilatar o procedemento de adxudicación, resolve invitar á licitación a unha única empresa, sendo ésta "Construcciones López Cao S.L.", que dispón dos materiais e medios nunha zona próxima a onde se vai desenvolver esta nova actuación, podendo ademais, utilizar a zorra reciclada restante dun proxecto de demolición levado a cabo polo Concello.

Existe crédito dabondo na aplicación orzamentaria 151/61900 *Otras inversiones reposiciones infraestructuras urbanismo* para facer fronte aos gastos derivados desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido polo Departamento de Intervención Municipal con data do 17 de outubro actual.

Con data 21 de outubro de 2016, remitiuse invitación, mediante correo electrónico, para participar na presente licitación, á entidade "Construcciones López Cao S.L.", cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, quedando no expediente a acreditación da recepción da invitación enviada. Con data 24 de outubro, presentou oferta, que consta rexistrada no expediente.

O 26 de outubro de 2016 emitiuse proposta de adxudicación pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal a prol da entidade "Construcciones López Cao S.L.", que se compromete á execución do contrato no importe total de 9.438,00 euros, IVE incluído.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000,00 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria accidental da corporación, coa data do 28 de outubro actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/00026.



Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras. Medio Ambiente e Patrimonio de data 28 de outubro de 2016.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data do 17 de outubro de 2016, para a contratación da obra denominada “Acondicionamento de finca municipal para aparcadoiro fronte ao CEIP Gonzalo Torrente Ballester”, por un importe máximo de execución por contrata de 9.510,00 €, IVE engadido, aprobando, así mesmo, o presuposto elaborado para a execución da antedita obra.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria “2016/151/61900 Outras inversións reposicións infraestructuras urbanismo”.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte 2016/C002/000026, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Admitir na licitación á entidade “Construcciones López Cao, S.L.”, única empresa que foi invitada a participar na licitación, e que conta con capacidade e solvencia dabondo para a execución da presente obra.

Quinto: Adxudicar a obra no prezo ofertado de 9.438,00 euros (IVE engadido), á empresa “Construcciones López Cao, S.L.”, con CIF B-15072713 e domicilio en Avenida de Finisterre, nº 267, 15008 A Coruña.

Sexto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sétimo: Designar como directora da obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas Municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, á que, de conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP lle corresponderá supervisar a súa realización, adoptar a as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da actuación pactada.

Oitavo: Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención, Obras e Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

Verónica Maria Otero López